

Nº 1240

Manuel Leiras Pulpeiro



Cantares ==
Gallegos




REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

mp. H Mancebo-Mondoñedo
1911

F-926

Biblioteca



CANTARES GALLEGOS





Manuel Leiras Pulpeiro




Cantares Gallegos



MONDOÑEDO—1911

TIP. H. MANCEBO





Todos me dicen que espío,
Que logo me leva o aire;
Y-a culpa tenma un *nubeiro*
Que se me puxo por diante.

Con me casar como quixen,
E tel-o ceio n-a casa,
N' hay noite que non me acorde
D' as noites de muiñada.

Como te ves con camisa,
Xa coidas qu' eres grandeza;
Non sal o toxo de toxo
Por froleado que esteña.

Non quero a vida d' a vila,
Anque folgada m' a dean;
Quero ir e vir pol-os pousos
O sol y ô aire n-a aldea.

Váite, barruzo, que veño
Co-a miña mantela nova;
Váite, barruzo, d' a festa,
Que quero dar catro voltas,

Queren que queira un toupizo,
Con cara e corpo de cepo;
Y-eu busco moza galana,
E de corpiño bringuelo.

¡Dios che pague a tua esmola,
Cariña de repinaldo!
Non che coidei que tiveses
Corazonciño tan brando.

Anque che son d' a Montaña,
Andoche ben limpa e fresca;
Que, anque che son d' a Montaña,
Non che son d' as carrachentas.

Non se acanea unha folla;
Todo esta noite está calmo;
¡Ai, quén poidera decire,
Co-a mau n-o peito, outro tanto!

¡Quén fora reichiño ruibo
Pra cantar n-a tua figueira,
Pra non salir do teu horto,
Y-anñar n-a tua silveira!

Mentras n' apadrel-o neno,
Farruco, non che perdono;
Non che perdono ¡así morras!
Xa que dixechе qu' é d' outro.

A forza de xeito e voltas
O cabo funa collendo;
Pr' as nenas no-hay com' a maña,
Certando á chegar á tempo.

Anque treidor pra min fuche,
Y-unque chor' eu toda a vida,
Non, home, non teñas medo
Que malas pragas ch' eu pida!

Muller que, cando se queixa,
Abre as ventás, pra que a oyan,
Poderá ser comenencia,
Pro non será nunca boa.

Cegoume unha vez o demo,
E ben puido entón levarme,
Que, feito o feito d' aquela,
Ben me rulou con deixarme!

¡Ay, vino, e que non-o vira,
Pra velo alí cal o vin!
¡Qu' inda me doi a espiñada
Que, aló drento, alí sentín!

Como, e bebo, e durmo, e folgo,
E beilo e brinco co-as mozas;
Non pode naide decirme
Que se me acân poucas cousas.

¡Negruras, nada máis vexo,
Colla pra baixo ou pra riba!
¡Negruras, sóilo negruras!
¡Quén m' o dixera algún día!

Durme, meu nenño, durme;
Durme ben, e non despertes;
Que, pra pasar traballiños,
Tempo de sobro has de tere.

¡Dios queira que non atopas
Nunca pra tí maus abertas,
E que, mal morto de fame,
Te coman os cás y-as pegas!

—Vaya, que non tornas pouco
D' a tua figueira, valeca!
—Eche segundo, meu neno,
Eche segundo á quen sexa.

Ben te vin, n-o alto do monte,
Medio envolta pol-a nebra;
Que figurabal-a Virxe
Baixando outra vez â terra.

¡Líbreme Dios de congostras
E pontigos, pra ruala;
Líbreme Dios de mociñas
Que ô rabo dous mozos trayan!

Moito che quero, vaquiña...,
Mentras me dál-o leite;
Que o día que non m' o días,
Lévote â feira á venderte.

Pedra sin fala fun sempre,
Pedra que sin doo tripache;
Pero heiche ser outra cousa
Si no es millor d' aquí en diante.

Ou non han dar leite as cabras,
Ou n' ha ter ffo o fouciño,
Ou hoxe o galo do Ccto
Hase comer n-os Muiños.

Déuma unha rapaza, e calo,
Que no-han salir todas boas;
Tamén ô raposo ás veces,
Lle sal a galiña choca.

Batídeme, aires, batide;
Batídeme, aires d' a serra;
Que aqueles gafos d' a vila
Botándom' iban n-a terra.

Miña nai quer' unhas zocas
Branquiñas de abidueira;
Mándemas vir de Villalba,
D' aquilas que hai de chinela.

¡Val Dios que nunca tiveche
Que limpar, como tés aire;
Que, si o tiveras, xa o demo
Podía vir temperarte.

Tirou o vento unha rosa
N-o medio d' unha lameira;
¡Moitos a viron caida,
Naide se chegou pra erguela!

Levando a moza que levas,
Ben podes ir fachendoso...;
Desque lle mondan a freba,
Calquera can pilla un hoso.

Non sei pra que tropecei
Contigo, miña santifa!
Non-o sei, si non te vexo
Máis que unha vez cada día!

¡Ai, quen me dera n-o souto
Que hai xunta d' a miña casa!
¡Ai, quén me dera co-as nenas
Con quenes pouco hai brincaba!

Moito te gardas d' a xente,
Pol-a miña corredoira;
Pra vires d' esa maneira,
Eche millor que non volvas.

Por moito que te cuspiñes,
Gata mamada do demo;
Por moito que te cuspiñes,
Eu, pra casar, non te quero.

¡Probe de min, que non teño,
Si cayó, quén me a mau bote!
¡Probe de min, que, si choro,
Non teño quén me console.

Com' o páxaro, n-o niño,
Com' a troita, n-o remanso,
Así me tés, miña nena,
Cando te teño ó meu lado.

Meu Farruco, d' a outra banda
Non te esquezas de volvere;
Mira que deixas n-a casa
Fillos, facenda e mullere.

Garda o pradiño que levas,
E gárdao ben, noite e día;
Que, si unha volta che furtan,
Hanche pacel-a outonía.

¡Adiós, meu fillo querido,
Meu filliño regalado!
¡Ai, quén me dera ir n-a caixa,
Cand' á tí pr' o camposanto!

Hei d' ir á fía esta noite,
Y-hei de matal-o candil,
Y-heille mazal-a cotena,
On majo que campá alí.

Non che se día que chova,
Que, si chove, ha de parar,
E, si non para..., do coiro
A y-auga n' ha de pasar.

¡Ai, Morte, canto xa tardas
En me lebares contigo!
¡Ben se ve que non te dóyes
D' as dôres d' os coitadiños!

Escallo de encrucillada,
Non fales, mentras te avalen
Cantos por ond' á tí pasan!

Fun de romaxe ó Conforto,
Donde tantos se consolan,
E, cal eu fun, tal volvín
Co-as miñas peniñas todas.

Non volvas á terme o pe
Trás de sebes nin balados,
Si queres que a mau che agarde
Fálame donde adoitamos.

Eres com' as guindas bravas,
Que á todol-os ollos gustas,
E, cando queren probarte,
Pra naide tes máis que agruras.

¡Calade, campas layonas;
Calade, por Dios calade;
Calade, que se me acorda
Cando se finou mi madre!

Mentras tiven que lles dare.
Víñanme á vel-os veciños;
Y-agora, por no-atoparme,
Torcen de lonxe o camiño.

Probiño e todo, son rico,
Que non son feixe de naide;
E moitos, que moito rumban,
Non poden d' eso gabarse.

Tocan á morto en San Pedro,
E chora e laya unha nena;
¡Non é milagre que laye,
Orfiña como ela queda!

Si como vemol-as caras
Víramol-as intencióis,
A máis de catro *pitiñas*
Víransell~~as~~ *asparós*.

Tiven casa, pan e gando,
Pro nunca tiven goberno,
E, tras de cen fuciñadas,
Ben vedes cómo m' eu vexo.

Caseime c' unha viuda,
Coidando que era canela,
E vin... *que o sapo esmagado*
Sempre escarranchado queda.

Non quero moza que teña
Quen a tropece n-a vila,
Anque lle conten fanegas,
Y-ande ben fresca e ben limpa.

Non quero moza que teña
Quen a tropece na vila;
Pro non-a quero tampouco
D' esas que hai miñaxoñas.

Non quero moza xarela,
Nin come-santos, nin xota;
Quero mocíña que seipa
Termar en total-as cousas.

Nunca páxaro fuxido
Tornou de seu pra a gayola;
Nin á unha nena qu' eu quixen
Lí' hei roldar eu mail-a porta.

¡Dí's que non poido co-as bragas..!
Non che son o que parezo;
Qu' inda che teño a *dentamia*
Pra me poñer á un *enceto*.

Ontes, cantando n-o prado,
Moito, moito te queixache!
¿Qué che pasou, meu consolo,
Pra que así, triste, cantases!

Non volve o rego pra a fonte,
Nin pra a mau a pedra solta;
Nin á ser como Dios manda
Volve a que perde a vergonza.

¿Pra onde qués ir, miña almiña!
¿Qué te chama de tan lonxe!
¿Non che doi o qu' eu me apeno!
¿Estóxasme, ora, por probe!

Turra do raño, labrego,
Turra do raño e langrea;
Que no-ha ~~me~~ faltar quen, folgado,
Coma a tua recolleita.

Meu San Antoño bendito,
Como me cases hogano,
Heiche levar unha vela
Coma un fungueiro d' un carro.

Cando tropezo o teu can,
Pónseme rosma que rosma;
¿Qué xuncras tí lle fixeche
Pra que xa non me conoza?

¡Chamoume desamorado
Unha nena que eu cortexo;
¡Ben se ve que ela non sabe
Como o corazón eu teño!

Dame aquí, costureiriña,
Dame aquí catro puntadas;
Xa que me acabes co-o corpo
Tráime a roupiña mendada.

Anque toda a vida andiven
Gardando cabras n-a Corda,
Inda sei que, pra casadas,
Valen mal as loitadoras.

¿Vel-o cachopo qu' eu teño,
Pra colgar mainzo á porta?
Pois, igual qu' él, nada vales,
Non sendo si algo che colgan.

Sin ter á qué vas á vila,
Y-aló tomas sempre a parva...
¡Xa veremos pol-o Agosto
Cantas medas pôs n-a aira.

Non veñas con que me queres,
Andando tanto en parolas;
Que auga que moito se parte
Non mata sede nin molla.

Coma unha rosa eres, Rosa,
Y es boa com' o bôn pan;
Pro, com' eso non fai pote,
Todos deixándote van.

Porque me vexas calada,
Non coides qu' eu nada peno;
Tamén calan as ovellas,
E máis sinten o coitelo.

Teño un galán tarabelas,
Que parece anda co' a lua;
Ora, non sal d'ô meu rabo,
Ora, nin de min se cuida.

Quixen casar c' unha nena
Que tiña pan e capelo,
E non puiden, por cangarse
N-o camiño un vinculeiro.

Pra palique, as d' a Montaña;
Pra ferver logo, as valecas;
Pra frescura, as d' a Mariña;
Pra querer ben, as vilegas.

Si tiveras de fanegas
O que che ven de cortexos,
Outros ch' a porta roldaran
D' outra hora, e d' outro xeito.

Bon é ter moitos amigos,
E que por de ben á un teñan;
Pro, cando chega un aperto,
Val máis sempre unha *mavela*.

Puxen o fondo d' a hucha,
E fún correndo pra a festa;
¡Ai, cántas veces un corre
Trás d' o que nunca un quixera!

Non quero vivir n-a vila,
N-a vila de Vilanova;
Que, por moi santos que señan,
Non quero frades á porta.

Anque te afogue unha pena,
Nunca o sentir días á naide;
Que dodem' un toparías
Que o teu segredo gardase.

Fíxenlle a rosca do galo
En cantos sitiol-a vin;
Díxenll' o demo y-a nana,
E sempre o tempo perdín.

Andás com' as cabras ceivas,
Eiqui chouto, aló me deito...;
Non ch' han faltar cas ou raña
Mentras che dure o pelexo.

Vas chea de rirte de min,
E de salires co-a tua;
¡Cómo te apille entr' os sucos
Hasmus pagar todas xuntas!

Déixate de panxoliñas,
Que non che son tempos vellos;
Déixate de panxoliñas,
Que, abofé, perdel-o tempo.

Ceguei á cas do Fidalgo,
Pedindo a filla mais vella,
E deixáronme n-a porta,
Sin dar-me fala siquera.

¡Qué xistra corre, Dios mío!
¡E no-hai casiña cuberta,
Y-estou mortiña de frío!

Moitiñas bágoas, moitiñas
Chorei doente d' aquela;
Que, antes que verme aquestada,
Morrer cen veces quixera.

Moitas bágoas, moitos días
Levei chorando d' aquela;
Pro... consoleime; que, ô cabo,
Val máis... *caída* que cega.

Moitiño levo chorado
Por tí, meu ben; ben o sabes;
Pro, Dios che valla, por eso;
Qu' inda de min te acordache.

Non teño lei á ninguén,
Fora d' a miña vaquiña,
Que me dá un par de canadas
De leite todol-os días.

Todo frolece n-o Mayo,
Todo co-o Mayo se alegra,
Non sendo eu, malpocadiña,
Que un meu pesar non me deixa!

Porque no-a quixen por sogra,
Fadoume mal unha meigá;
¡Cáyanlle entrambol-os ollos
Antes que tal fada vexa.

Non che volvo á vir de noite,
Anque me d'fal-o ceyo;
Que vin andar unha cousa
N-o camposanto correndo.

Veño mollada e pitada,
De andar co-o gando n-a serra;
¡Probes d' os que a miña vida,
D' os que a miña vida levan!

N-o carreiriño d' a fonte
Dinll' unha volta á unha nena;
¡Nunca ll' eu dera tal volta!
¡Nunca tal volta ll' eu dera!

Cal as ondiñas do mare
Morren bicando n-a area,
Así, amantiña, contigo,
Así finarme eu quixera!

Traballar, algo traballo;
Pro moito non che me apuro;
Que pau que Dios non engorda
Nunca sal de carabullo.

Porque hoxe campes sin lacra,
D' as que a teñen non te rías;
Que, cando menos se pensa,
Come o raposo a galiña.

Vente comingo, meniña,
Vente comingo ô San Campio;
Vente comingo, meniña,
Que ch' hei de poñel-o Santo.

¡Nunca tí seques, fontaña,
Fonte d' a Ponte Pousada,
Fonte á que fun tantas veces
Co-a miña nena galana!

¡Nunca sequiña te vexas,
Fontiña d' a Ameixoada,
Donde eu lavéi tantas veces
A miña cariña branca!

¡Nunca tí seques, fontiña,
Fontiña d' a Ameixoada,
Donde eu bebín tantas veces,
Donde eu lavei tanto á cara!

Si viras cal me trastalla
Verte con cutros falando,
Víral-o ben que ch' eu quero,
Y-o mal que sabes pagarmo.

Aló van nosos mociños
Pasal-as penas d' a sega,
D' a sega, onde se asan vivos,
Sin probal-a auguiña fresca!

Andiveche escolle, escolle,
Coma quen escolle en peras,
E levache a que che cadra,
Que a levache falmaguenta.

Non sabes ben, queridiña,
Que envexa teño ô luare,
Cando, pol-a lumieira,
N-o teu leitiño vai dare.

Pra min as noites son noites,
Y-os días, de nebra pecha;
¿Pra qué me darían ollos,
Si o meu sol ver non me deixan!

¡Cala, meu fillo! chorando
Me dixo un día mi madre.
¡Cala, meu fillo, que aínda
M' ha de dar Dios pra axudarche!

Que outro máis ca min chequeira,
Non-o coides, nin m' o digas;
Qu' eu sempre igual che quixera,
Anque encoiriña te vira.

Non cates pra min, nin chores,
Que agora, nena, xa foi;
Trata d' ir armando o brullo,
Qu' é primeiro qu' os pregós.

Anque outra cousa che digan
Máis de catro alabadizos,
Pra limpase as costureiras
Non val calquera *capizo*.

Desde non vexo o meu ben
Teño o corazón cuberto;
¿Cando á velo eu volverei,
Miña Maíña de ceyo!

Que me queres, decir, dilo,
Y-hastra que comingo soñas ;
Pro tivéchem' unha noite
Çhovendo âs cuncas â porta.

¡Miña mai, miña maíña,
Miña mai, non sei que teño,
Que nin n-a cama eu acougo
Desque rifei co-aquil meigo!

Así que os queren as nenas,
Así que as nenas os queren,
Así que os queren as nenas,
Á todo os mozos se astreven.

Cereixa que en pola baixa,
Y-ô pé d' un camiño esteña,
Non se ve nunca en ningures
Que tarden moito en comela.

Atallo d' os Pedregás;
Quén me dera que falases,
Pra che ouvil-os catro contos
Pallaregos que tí sabes.

Fás com' as vacas de Galdo,
Que, sin lles ter que afalar,
Levan ou deixan o rego
Por un fiño de lá.

Troita que moito se amosa,
Logo vai dar â tixelá;
Olla o que fás, rapaciña,
Que andas d' a feira pra a festa.

Dáime ond' ô mar unha cova,
Dáime minchiñas e lapas,
E douvos todo, todiño
Canto se da n-a Montaña.

¡Non me espiñes, non, toxiño,
Que abondo espiñado teño
Este meu corazonciño!

Púidenche vel-as orellas
Antes de que me adentaras...
¡Xa podes tocal-o zoco...!
¡Quén te pareu que te lamba!

Es com' os toxos do monte,
Que, hastra cando abeiro dan,
Por moito tento que un leve
Nunca deixan de espiñar.

¡Inda ensiñas ben a moca!
¡Inda vas ben galloufeiro!
¡Xa m' o dirás desque quenzan
As cacholas n-o turreiro!

Non me mires co-ises ollos,
Con ises ollos de serpe;
Mírame c' os churrusqueiros
Que sabes pôr cando queres.

¡Permita Dios que te vexas
Com' os croyos d' os camiños,
Que, si no-están enterrados,
Pra baixo sempre van indo!

Si queres falar comingo
E queres non verme torto,
Hasme de andar, ña pequena,
Com' a galiña c' os hovos.

Probe do probiño que anda
Pol-as portas á pedir,
Si outros probiños no deran
Onde quentarse e durmir.

¡Non sallades, mariñeiros,
Que brua o mar n-a Burela!
¡Mariñeiros, non sallades,
Que os marzaliños arrecian!

Anque cen cruces me poñas,
Nunca máis fe ch' hei de dar;
Que, o que unha fai, fai un cento
Si se lle certa á cadrar.

¡Non temos pan, meus filliños,
Nin hai en donde ganalo!
¡Témonos qu' ir pol-o mundo,
Témonos qu' ir á buscalo!

Púxenlle preito á un veciño
Pol-o derrego d' un leiro;
Comer, comeu todo a curia,
Pero amolar, amoleino!

¡Garda a gaitiña, gaitero;
Vólvete á tocar pr' a aldea;
Que os vilegos, desleigados,
Xa estoxan as muiñeiras!

¡Aí, luceiriño galano,
Que d' aló enriba ves todo,
Mírame si a miña nena
Fala ou non fala con outros!

Esta noite hei d' ir de rolda,
Y-hei d' ir roldar unha nena
Que dín que a rolda un valente,
Que ôs que a roldan escorrenta.

¡Pr' o probe non hai padriño,
Nin porta ningunha aberta!
¡Pr' o probe no-hai nin xusticia,
Si o brazo torto non leva!

Ve u o godallo, e levoume
Canta gra tia n-a casa...!
¡Dios faiga que lle aproveite
Com' os chitos a ferraa!

—Seor Cura, vou pra a sega,
Tame d' ollo a Marica.
—Vaite e descoida, meu Xan,
Qu' hei vela todol-os das.

Ceguei  fa atruxando,
E quixen botar por ela,
E puxeronme o lombio
Molio com' a manteiga!

Colla pra baixo ou pra riba,
Triste vou, e triste volvo;
Pra min non hai sinon penas...!
¡Dios me chame pra s logo!

Pra facer ben a costeira,
Mariñeiríños rinlegos;
Pra... botar contas, n-o porto,
Mariñeiríños focegos.

Xurei cen veces deixala...,
E non hai vez que a tropece,
Que pr' ela máis eu non mire,
Y-ond' ela máis non me chegue.

¡Miña casiña, meu horto,
Meu caxigo e meus loureiros,
Pártem' a y alma o deixaryos,
Pro non teño máis remedio!

No-estires tanto n-o cerro,
Catuxa, si queres verme;
Acaba a rocada, e vamos,
Si ond' á tí qués que me quede.

Canto máis bouran, máis calo,
Que ó ter razón vale sempre;
E, si non val, Dios me valla,
E bouren canto lles pete.

O pé d' un toxo que fora,
Sendo contigo, velliña,
N-o monte, com' a laberca,
Mañán o niño eu faría.

¡Quén me dera á miña porta,
Y-ô pe d' aquil meu caxigo,
Donde miña mai fiaba,
Vendo brincar seus cativos!

Dicen que as costureiriñas
Non saben querer ô dreito...;
¡Ai, saben, saben...; non saben
Querelas os galanceiros!

Pidinche casa cuberta,
E tí con Dios me mandache;
¡Qué nunc' outro mal che fagan!
¡Que sempre con Dios te manden!

Ben vexo á miña casiña,
Por entr' os meus castiñeiros;
¡Ay, pro no-a vexo c' os ollos,
Qu' é nomais c' o pensamento!

Sei d' unha pícara en Quende,
Qu' é coma un sol espellante;
Ou no-é de casta de moles,
Ou co-ila m' hei de axeitare!

Non m' afago n-esta costa,
Quérom' ir pr' onde nacín;
Lévame pra aló, meu Fuco,
Dóyete unha vez de mín.

Día e noite tezo e tezo,
E nunca sallo de probe;
Quixera verlles á moitas
O *tear* en que elas poñen.

Por te ver ¡moitas noitiñas
Levei detrás do puxigo!
¡Por te ver, soyo! e tí mentras,
De troula pol-os muiños!

Non vou, e ¡Dios m' o perdone!
A festa por vel-a Santa;
Que vou por ver si tropezo
C' un toleirán que me encarta.

Bota pra aló, cara zucia,
Que cabo mín non te quero,
Y-antes de dormir contigo,
Durmo c' o can n-o palleiro.

Non sallas á verme á porta
Cando pra' a focha me leven;
Que, pra te ver muller d' outro,
Non quero que me despertes!

Desque unha nena non quixo
Dar-me auga pol-o seu xarro,
Teñ' unha pena comingo
Que me ten sempre apedando.

Bote como queira as contas,
Todas me salen furadas;
Non sei cando ha vil-o día
De qu' unha ô dreito me salla.

¡Xa non quedou un mociño!
¡Xa n' hai quen rolde unha nena!
¡Xa non s' oi un aturuxo!
¡Todo é tristura n-a aldea!

Si qués, nenña, gardarte,
N' agardel-a noite fora;
Que a lentura de entre luces
Pr' as solteiras non ch' é boa.

Moito me queren meus amos,
Meus amos moito me queren;
Por eso me trán descalza...,
Descalza, chova que neve!

¡Quén com' a tí, que casache
C' unha muller gobernaira...!
¡Quén com' a tí, que atopache
Formento xa n-a maseira...!

De me fiar, n' unha festa,
D' un galanciño atrasnado,
Chorei os sete chorares,
E chorarei non sei canto.

Os caraveles que eu teño
N-a miña caraveleira,
Sonche roxos, todos roxos;
Que o roxo é o que á min me leva.

¿Pra qué me dixeches, diaño,
Que tiña cara de rosa...?
¡Dendes de entón, si te vexo,
Dame así coma vergonza!

Si qués que che leve o hato,
É ch' o leve hastra Seselle,
Hasme tragner de Castilla,
Pr' o xustillo, ús agulletes.

Esta noite heite d' ir vere,
Déixame a porta achegada,
E cata que non te sintan,
Nin nos pillen n-a engrellada.

¡Leváronma d' a casiña,
N-o cadaleito e sin crego...!
¡Y-a naide raeu a vida!

Teño n-o peito un inferno
Dendes que t' eu conocín;
Como tua nai no-amoleza
Non sei que vai ser de mín.

Ando buscando un mantelas
Que á todo cale a boquiña;
Mándemo quén un conoza;
Quen seipa d' un, que m' o diga.

Eu casar, seique casaba,
Si fora pra no-ir pra riba;
Pero, casar pra a Montaña...
¡Tenche moitón que lle digan!

Non sei que ten n-o badal
A campá d' a miña aldea;
Si a sinto ás doce, relouco;
Si ô anoitecer, dame pena.

¡Eran un nosos dous corpos,
Y-unha as nosas duas almas...!
¿Cómo hei de esquencerme eu nunca
D' aquela aperta apertada!

Mentras que canta que cantas
Andas de enriba pra embaixo,
Ando eu, por tral-as silveiras,
Aqueloutrada, acorando!

Cheguei á Ponte de Ruzos,
Y-ouvín tocal-as campanas;
E din en pensar n-as tristes
Que oyeu d' alí a Mariscalá!

Si ch' hei botar outra noite,
Hache de ser n-a tua cama;
Que non quero amencer logo
Co-as xuntas medio entaladas.

Non che me colle de novo
Que me deixes cal me deixas:
Lacazán como saliche
Falta che fai mainceira.

Val máis unha sede d' auga
D' a fontaña do meu souto,
Que canto os vilegos teñen,
Y-eso que teñen de todo.

N-aquel burguiño de riba,
Detrás d' aqueles loureiros,
Como o demo non-a torza,
Hei de atopar eu achego.

Sempre estou dalle que dalle,
E nunca sallo do día;
Non sei cómo fan algunhos
Pra facer sega en seguida!

De bonita, é com' os anxos;
De airosa, com' a espadana;
¿Qué máis ha tel-a santiña
Que seu santiño me chama!

Nena d' a cara branquiña,
E do corpo xirifeiro,
Dichoso de mñ, dichoso,
Dichoso si é que te levo!

Téñote diante mñ sempre,
Diante mñ sempre, meu pombo;
Diante mñ, cando te vexo;
Diante mñ, cando te soño.

Hay unha nena n-a Chaira,
Que me ten tolo de todo.
¡Seique m' a cangou o demo!
¡Seique me veu un mal ollo!

¡Non sei cómo agora volves
C' os contiños de algún día!
¿Pra qué m' entonzas tiveche
Desque te fuche, esquencida!

Fixeche ben en buscares
Unha muller fanegueira;
Fixeche ben, que n' hai nada
Coma ter pan n-a maseira!

Anda raseira a laberca,
Y-o vento ven d' a Montaña;
Váite correndo, meu Pepe,
Que vai á vir logo á yauga.

Teño casiña de meu;
Teño pan pra todo o ano;
Teño dona que me preza...;
¡Nin pol-o cura me cambo!

N-o coser todas son unhas,
Todas fan ben a puntada;
Pero á apertar... n os remates,
N' hay quén lles gane âs de Masma.

¡Cánto traballíño temos!
Y ô fin ¿pra qué, miña filla!
¡Pra vivir esgarecendo,
E morrer n-unhas palliñas!

Posto n-o bico d' as zocas
Púxose á mín un parente;
¡Non se puxo mentras tiven
Polpa en qu' él meter seus dentes!

¡Adiós, meus fillos, adiós!
¡Adiós, chouza dos meus vellos!
¡Ben sabés por qué me vou!
¡Ben sabés por qué vos deixo!

Déixame ver, nebra moura,
Déixame ver ben a Granda;
Déixame ver en qué volta
Un meigo roxo me agarda.

Quen mora acó, n-a Mariña,
Tén car' ô mundo as xanelas;
Quen mora aló, n-a Montaña,
Ténas..., tamén; pero pechas.

Cando queiras, meu Andruco,
Virme á ver pol-o puxigo,
Vente por tras d' o palleiro
Raseiriño, raseiriño.

Agora xa poido rirme;
Agora sí que estou leda;
Que o fillo tróuxome nora
Ben mandadiña e videga.

Van tres noites que non m' abre
A miña escarapulida;
Poida que ll' entrase medo
De que ll' entr' eu n-a cociña.

¡Tel-o aquel d' as taberneiras,
Que abren a porta, si chama,
O demo mayor que seña!

Nada che val que te espelles,
Nin que te poñas tan maja,
Si non cautival-a lengoa...
A lengoa que tes tan gafa.

O querer d' as festexeiras
Fai com' a frol do guindeiro,
Que, cando máis ten de dura,
Dura dous días e medio.

Tefío veciña unha choya
Que me ten sempre n-a lengoa;
¿Qué faréi eu pra que cale,
Ou nomais conte o que seipa?

¡Sempre fuches un badúa!
¡Sempre andas tocando a choca!
Mentras non che anden c' os dentes
No-has saber calal-a boca!

Inda se lle acorda o mundo
N-o convento â campaneira,
Que, cando repica as campas,
Repica sempre muiñeiras!

Andivécheme rogando,
Y-agora das âs corneiras...;
Probe de quen bote contas
C' o que n-o peto non teña.

Rapazas que tral-a risa
Vades ô cabo d' a terra,
Mirade ben que hai risadas
Que tras sí cen choros levan!

Indo pr' o muiño, mireime
Xunt' & presa, n-o remanso...
¡Ai de mín, cómo él me acaba!
¡Mazmida que vou quedando!

Mira cómo andas, Maruxa,
E non esbares, que hay lama;
Que, a que n-a lama tordea,
Sempre n-ela se emborcalla.

¡Auguiña, a d' a miña fonte!
¡Mainzo, o d' a miña veiga!
¡Mozal-as d' a miña rua!
¡Campal-as d' a miña igresia!

Si tú vas, y-eu vou contigo,
Entón sí qu' hemos ter festa,
Entón sí que ha ser tumbada,
Entón sí que ha ser enteira.

N-a Mariña n' hai morriña;
N-a Mariña n' hai pan mouro;
N-a Mariña n' hai quen sinta
Pesar pol-as medras d' outro.

Sei eu d' un namoradoño,
Que levou todo un inverno
Com' a silva degolada
Que bic' a yauga d' o rego.

¡Dichosol-os que se finan:
Que aló van total-as bágoas!
¡Probiñol-os que acó quedan:
Que ningún vive sin mágoal

Non te poñas tan chufona
Por levar vestido novo;
Que outras máis majas se viron,
E logo víronse en coiro.

Tan aqueladifo, nena,
Me deixaches onte á noite,
Que anque á morrer me puxera
Volvera á vir verte en oxe.

¡Cómo hei tér eu cara branca!
¡Cómo non-a hei tér pedresa!
¡Si m' a royen os coriscos!
¡Si m' a toldan as raxeiras!

Non porfies con que parle,
E que che diga o que tesío;
Cando non-o adiviñache,
Non podes darme o qu' eu quero.

Renega coma do demo
D' aquelas mexamorniñas,
E non lles trípel-o rabo,
Que son coma adelonciñas.

Van as lanchas pra a sardiña,
Que esta noite hai escurada.
¡Dios llel-a día de sorte
Pra matal-a Regañada!

Pra chufar vales o carto,
Naide che pôn o pe diante;
Pero si *o grilo non grila*,
De nada as chufas che valen.

Non teño sabas de liño,
Nin palla limpa n-o leito;
Pro teño as téas n-a hucha,
Y-ó pe d' a meda un palleiro.

¡Cánto chufas, montañesa,
Co-as catro medas n-a aira...!
Pois á mfn... menos me abonda,
Tendo frescura n-a cama.

Quéixanse as pimpineliñas
De nacer entre as silveiras;
¡Chamando, como alí chaman,
Non sei por qu' elas se queixan!

Non vires pr' o lado os ollos;
Non torzas, meniña, a cara;
N' arredes á quen te roga,
Porque che quer pol-a yalma.

Dempois que os teus adormezan,
Non me deixes, como poidas,
Sin que, siquiera, te vexa;

Sin que, siquiera, ch' eu sinta
Decirme adiós, calandiño,
Dend' o fachal d' a cociña!

Aló van todos n-a festa,
Todos aló van folgare;
¡Sóyo quedei eu, soliña,
Soliña c'os meus pesares!

¿Pensas que todas te queren?
¡Nunca tan galano foras!
Pois haste quedar co-as gánas
De que pra tí ben me poña!

¡Ai, que soñei que era neno,
E que n-o colo me tiñas!
¡Ai, e qué ben me anainabas,
Chegándome a tua cariña!

Fáimas, e bravas, meu Toño,
Pero ven... e, con duas falas;
Anque esteñ' eu com' a noite,
Déixame coma unhas Páscoas.

Calquera día... no-amenzo,
¡Y-ogallá que mañán seña!
¡Que a miña vida... no-é vida
Pra vivir quen alma teña!

¡Anda, vai tomal-o aire,
Xa qu' eres aire, en dar voltas!
¡Anda, vai tomalo, e vaite,
Váiteme axina d' a porta!

Com' as herbiñas d' o adro,
Que todos son á tripalas,
Así me vexo, maíña,
Desque a sua sombra me falta!

Unha peniña do cabo
Que cobre o mar n-as marzadas,
¡Val máis que todol-os cotos,
Y-as veigas que hai n-a Montaña!

¡Ai, miña nena, ai neniña,
Mira o camiño que colles!
¡Ai, mira que andas n-as beiras
Do de máis bágoas pr' as probes!

Estímote, rapariga,
Como nunca estimei outra;
Que te estimo... igual que estimo
A lama drento d' as zocas.

¡Deixoo, me dician todas,
Cando m' á porta cucaba.
¡Deixoo, deixoo! ¡Quén puidera!
¡Non se fai como se manda!

Voume pra a beira do río,
Que consola ouvil-a yauga;
Porque a yauga vai dicindo:
Todo pasa, todo pasa!

A noite que adios me dixo,
Com' á min, tamén choraba...!
¡Foi ben o adiós derradeiro!
¡Nin que nol-o dera a yalma!

Desque ll' a peta botaron,
Naide máis foi á Frouseira;
Sóilo Dios puxo froliñas
Por entremedias d' as penas;

Froliñas pequerrechiñas,
Y-agrouladas, que semellan
Bágoas de sangue calladas
N-o bico d' as carrasqueiras;

Froliñas, que, con ser froles,
Caladamente se queixan
De que tanto, tanto, tarden
En cobrarse contas vellas!



